



PRIMEIRO EXERCICIO TIPO TEST PARA CONDUTOR/A LISTAS DE CONTRATACIÓN PARA OS ANOS 2016-2017.

1. Se o condutor do vehículo que circula diante do seu lle indica co brazo que vai virar á dereita e, simultaneamente, acende a luz indicadora de dirección esquerda, ¿que sinal prevalece?

- a) As dúas. Primeiro virará á esquerda e logo á dereita.
- b) Ningunha, ambos os sinais perden a súa validez ao ser contraditorios.
- c) O sinal luminoso.
- d) A efectuada co brazo.



2. O sinal da fotografía indícalle que, nos carrís onde está o sinal de velocidade, ...

- a) os vehículos deben circular a esa velocidade como máximo.
- b) os vehículos deben circular a esa velocidade como mínimo.
- c) teñen prohibida a entrada os camións.
- d) os camións deben circular a esa velocidade como mínimo.



3. Conducindo un vehículo, á vista deste sinal, debe saber que...

- a) Non poderá continuar a súa marcha, se a lonxitude do vehículo é superior a 3,5 metros.
- b) Non poderá continuar a súa marcha, se a altura máxima, incluída a carga, supera 3,5 metros.
- c) Poderá continuar a súa marcha, sempre que a altura máxima, incluída a carga, non supere os 4 metros.
- d) Non poderá continuar a súa marcha en ningún caso.



4. Conducindo un camión, como norma xeral, ¿podería Vd. utilizar a beiravía dunha vía interurbana para situar o seu camión e efectuar así a súa descarga?

- a) Non.
- b) Si, sempre que non moleste a outros usuarios.
- c) Si, sempre que o condutor estea no vehículo.
- d) Si, utilizando chaleco reflector para garantir a súa seguridade.

5. Se conduce un furgón de máis de 3.500 quilogramos de M.M.A. na vista do sinal debe saber que...

- a) Deberá circular pola calzada en cuxa entrada estea situado este sinal.
- b) Non poderá circular pola calzada en cuxa entrada estea situado o sinal.
- c) Poderá circular pola vía que leva ou poderá optar pola calzada na entrada da cal se atopa este sinal.
- d) Non está obrigado a seguir as súas indicacións, só obriga os camións.





6. Se a anchura do vehículo que conduce é superior a 2,10 metros, terá que saber que as luces de gálibo son...

- a) Opcionais.
- b) Prohibidas.
- c) Sempre obrigatorias.
- d) Obrigatorias, pero só nos autobuses.

7. Que indica a palabra "TUBULESS", escrita no lateral dun pneumático?

- a) Que é un pneumático adecuado para colocalo nun camión.
- b) Que é adecuado só para vehículos turismos.
- c) Que é un pneumático preparado para ser montado sen cámara.
- d) Que é un pneumático adecuado para utilizalo cando a calzada teña auga.

8. Se conduce fóra de poboado un camión por unha estrada sinalizada como vía para automóviles, ¿que velocidade máxima non poderá pasar?

- a) 100 Km/h.
- b) 90 km/h.
- c) 70 km/h.
- d) 80 km/h.

9. O consumo de qué sustancias poden producir efectos parecidos ao consumo de alcol?

- a) Unha cunca de café.
- b) Unha infusión de té.
- c) Certos medicamentos.
- d) Unha coca-cola.

10. Se conduce por unha autovía fóra de poboado, con dous carrís para cada sentido de circulación, un camión de 11 metros de lonxitude, ¿que separación mínima debe gardar co vehículo que lle precede, ao que non pretende adiantar?

- a) A que me permita no caso de freado brusco determe sen chocar co de diante.
- b) 50 metros.
- c) 150 metros ou o equivalente a 6 segundos.
- d) 200 metros ou o equivalente a 12 segundos.

11. ¿Estalle permitido circular por un carril para vehículos de alta ocupación, un carril V.A.O., conducindo un camión de máis de 3.500 quilogramos de M.M.A.?

- a) Si, pero só cando viaxen pasaxeiros na cabina.
- b) Si, pero só cando non viaxen pasaxeiros na cabina.
- c) Non.
- d) Si, sempre que vaia baleiro.



12. Debe revisar o nivel do líquido refrixerante do sistema de refrixeración do motor do seu vehículo?

- a) Si, e debe de estar entre as marcas do máximo e o mínimo.
- b) Si, debo comprobar que o depósito estea a rebordar.
- c) Non, soamente é necesario cando observe un aumento anormal da temperatura de funcionamento do motor.
- d) Non, é unha operación que só se pode realizar nun taller autorizado.

13. O Air-bag dun vehículo...

- a) Impide o uso do cinto de seguridade.
- b) Permite prescindir do uso do cinto de seguridade.
- c) Complementa o uso do cinto de seguridade.
- d) É incompatible co uso do cinto de seguridade.

14. A que é debida, xeralmente, a saída de fume branco-azulado polo tubo de escape?

- a) A que o filtro do aire está sucio.
- b) A que o filtro antipole está sucio.
- c) A un consumo de gasóleo maior do normal, por estaren os inxectores desgastados.
- d) A un consumo de aceite maior do normal.

15. Como se denomina a parte do pneumático que apoia sobre o chan?

- a) Carcasa.
- b) Cinto.
- c) Cóbado.
- d) Banda de rodadura.

16. Cando se pisa o pedal do embrague dun vehículo se consegue:

- a) Deter o cegoñal para realizar o cambio de velocidade.
- b) Que o movemento do motor non se transmita á caixa de velocidades.
- c) Desengrenar os piñóns do sistema que distribúe a forza motriz.
- d) Que se amplíen as rañuras do cárter.

17. ¿Que indica un axente de circulación que balancea unha luz amarela?

- a) Obriga a aumentar a velocidade aos usuarios da vía aos que o axente dirixa a luz.
- b) Obriga a diminuír a velocidade aos usuarios da vía aos que o axente dirixa a luz.
- c) Obriga a continuar a marcha aos usuarios da vía aos que o axente dirixa a luz.
- d) Obriga a deterse aos usuarios da vía aos que o axente dirixa a luz.



18. O sinal prohibe circular a máis de 80 km/h. ¿Cando termina a prohibición?



- a) Despois da intersección.
- b) Cando atope un sinal de “fin de prohibido adiantar”.
- c) Inmediatamente antes da intersección.
- d) Inmediatamente despois de pasar o propio sinal.

19. Se un vehículo circula de noite por unha vía insuficientemente iluminada a máis de 40 quilómetros por hora, ¿está na obriga de levar acendida a luz de longo alcance?

- a) Si, tanto fóra como dentro de poboado e sempre que non estea obrigado a utilizar a de cruzamento.
- b) Si, pero unicamente en travesías e vías fóra de poboado.
- c) Fóra de poboado si, dentro de poboado non, porque está prohibido.
- d) Si en todo caso, especialmente en autoestrada e autovía.

20. Se nunha curva, o seu vehículo derrapa da súa parte posterior, ¿como actuaría vostede?

- a) Frearía con decisión para dominar a traxectoria do vehículo.
- b) Viraría o volante con suavidade cara ao lado do que derrapa o vehículo.
- c) Viraría o volante con suavidade cara ao lado contrario do derrape do vehículo.
- d) Aceleraría o máximo posible.

21. Se os amortecedores dun vehículo se atopan en mal estado...

- a) Aumentará a distancia de freado do vehículo.
- b) Non funcionará correctamente o sistema de carburación do vehículo.
- c) Non funcionará correctamente o sistema de dirección do vehículo.
- d) Non funcionará correctamente o sistema de refrixeración do vehículo.

22. Se vostede circula cun turismo por unha vía pavimentada e ao chegar a unha intersección cunha vía sen pavimentar se aproxima polo seu lado dereito outro vehículo, ¿quen ten preferencia de paso?

- a) O vehículo que circula pola vía pavimentada.
- b) O vehículo que procede da vía sen pavimentar.
- c) O vehículo que teña máis peso.
- d) O vehículo que se aproxima pola dereita.

23. Se por estar descargada a batería, necesita utilizar a batería doutro vehículo para arrincar, ¿como debe efectuar a conexión?

- a) Conectando, por unha banda, o positivo da descargada co negativo da auxiliar e, doutra banda, os dous restantes entre si.
- b) Conectando, por unha banda, o negativo da descargada co positivo da auxiliar e, doutra banda, os dous restantes entre si.
- c) Conectando, por unha banda, os dous bornes positivos e, por outro, os dous negativos.
- d) Conectando os bornes de forma aleatoria.



24. Se a luz do piloto de carga do xerador permanece apagada durante a marcha, ocorre que...

- a) O xerador produce enerxía eléctrica correctamente.
- b) O xerador está desconectado.
- c) O amperímetro non marca nin carga nin descarga.
- d) O amperímetro non funciona correctamente.

25. Se, ao accionar o indicador de dirección, a luz do piloto oscila máis rápido do normal, é un indicio de que...

- a) Algunha lámpada dos indicadores non loce.
- b) Existe un cortocircuíto.
- c) Están acendidos todos os indicadores de dirección.
- d) Estamos a quedarnos sen combustible.

PREGUNTAS DE RESERVA

1. Nunha intersección, con visibilidade practicamente nula, ¿que velocidade pode desenvolver un turismo como máximo?

- a) 90 km/h.
- b) 100 km/h.
- c) 50 km/h.
- d) 30 km/h.

2. Cando un vehículo se atopa parado, pero co motor en marcha, ¿que elemento é o encargado de favorecer o arrefriamento do líquido do radiador?

- a) O ventilador.
- b) A bomba de refrixeración.
- c) A bomba de paletas.
- d) O cárter.

3. Como norma xeral, a altura máxima dun camión coa súa carga será ...

- a) 4 metros.
- b) 4,40 metros.
- c) 4 metros a divisible e 4,40 metros a indivisible.
- d) 5 metros.